



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### O Deporte como Medio Integrador

Materia	O Deporte como Medio Integrador			
Código	P02M081V01105			
Titulación	Máster Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Garcia Soidan, Jose Luis			
Profesorado	Garcia Soidan, Jose Luis			
Correo-e	jlsoidan@uvigo.es			
Web	<a href="http://webs.uvigo.es/masterapoioeducativo/">http://webs.uvigo.es/masterapoioeducativo/</a>			
Descrición xeral	Os distintos deportes poden ser vehículos integradores socio-educativos, mediante a participación e o desenvolvemento de "todas" as persoas, ademais de ser un fenómeno cultural e un medio global de comunicación e expresión de xénero, raza e idade. Por outra banda as persoas con discapacidade ou con enfermidades dexenerativas, atoparon no deporte adaptado unha forma adecuada de participación e integración social motivante, a través do desenvolvemento de programas e campañas de promoción e práctica adaptada de distintos deportes.			

## Competencias de titulación

Código	
A1	Saber aplicar sistemas de avaliación e intervención á determinación das necesidades educativas especiais dos estudantes con discapacidade intelectual, motriz e sensorial; de dificultades de aprendizaxe derivadas do contexto sociocultural, de discriminación por razóns de xénero, clase e etnia e de dificultades de aprendizaxe específicas (lectura, escritura e cálculo) delimitando os ámbitos prioritarios de actuación e os apoios requiridos para promover a aprendizaxe significativa e relevante.
A2	Saber detectar e analizar posibles barreiras para o acceso ao currículo, a aprendizaxe e a participación do alumnado con necesidades educativas especiais e problemas de aprendizaxe.
A3	Coñecer os sistemas adecuados para intervir na mellora da competencia persoal do alumnado naqueles ámbitos do seu desenvolvemento psicolóxico, social, de actividade física e deportivo que poidan relacionarse coas súas necesidades educativas especiais.
A4	Xerar destrezas para aprender a deseñar, en colaboración co profesorado de aula, plans de traballo individualizado para o alumnado con necesidades educativas específicas integrados na resposta organizativa do centro e nos servizos de apoio, utilizando as TIC e favorecidos por actividades de deporte adaptado ou paralímpico e que potencien actividades de saúde e calidade de vida.
A5	Aprender a colaborar cos servizos psicopedagóxicos e de orientación familiar, promovendo a mellor resposta educativa.
A6	Saber avaliar as implicacións do uso de diferentes respostas educativas ante os problemas derivados da atención á diversidade.
B1	Saber aplicar os coñecementos adquiridos sobre o funcionamento dos procesos neuropsicolóxicos, das dificultades de aprendizaxe e os trastornos do desenvolvemento, a través de respostas axustadas de tipo organizativo, curricular e social dos centros educativos e os servizos de apoio, incluíndo a actividade física para poboacións especiais.
B2	Ser quen de sintetizar e integrar os coñecementos adquiridos sobre avaliación e intervención para aplicalos en contextos sociais e de aprendizaxe do estudante, conforme ás necesidades de apoio das persoas con necesidades específicas, así como a promoción da actividade física tendo en conta a poboacións especiais, fomentado melloras na súa saúde e calidade de vida, desde a intervención para a atención á diversidade sen diferenciar en canto a xénero, oportunidades e accesibilidade para todos.

- B3 Desenvolver e saber comunicar adecuadamente o resultado dos seus programas de asesoramento e de intervención educativa coas familias de persoas con dificultades de aprendizaxe e desenvolvemento, fomentado a participación como unha metodoloxía para a integración, e estimulando a realización de proxectos que, tendo en conta os valores democráticos da sociedade europea actual, inclúan as Tics, o deporte adaptado e a actividade física para persoas con distintas capacidades.
- B4 Saber xeneralizar a distintos contextos e situacións o coñecemento e as destrezas adquiridas e continuar estudando en gran medida de modo autónomo como procura de solucións e alternativas ás cuestións expostas, axustando as habilidades pertinentes de aprendizaxe autodirixida, incluíndo reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas que supón a atención á diversidade.

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer as distintas metodoloxías que permiten dar resposta ás necesidades educativas especiais para facilitar o deporte como medio integrador.	saber saber facer Saber estar / ser	A3 B1
Ser capaz de deseñar programas de intervención baseados en metodoloxías creativas e flexibles segundo as discapacidades do neno.	saber saber facer	A4 A6 B3
Sintetizar os principais resultados obtidos na aplicación de metodoloxías inclusivas e deportivas valorando a súa achega ao coñecemento actual.	saber saber facer Saber estar / ser	A3 A5 A6 B2 B3 B4
Evaluar os resultados dos programas de intervención deportiva aplicados con metodoloxías inclusivas a persoas con necesidades educativas especiais.	saber saber facer	A1 A4 A6 B2 B4
Ser capaz de focalizar a temática da integración/inclusión educativa de nenos con capacidades diferentes nas aulas das institucións escolares.	saber saber facer Saber estar / ser	A1 A2 A4 B1

### Contidos

Tema	
1. Deporte Escolar Adaptado	1.1. Estado actual da cuestión. 1.2. Deportes adaptados no medio terrestre. 1.3. Deportes adaptados no medio acuático.
2. Deporte Recreativo Adaptado.	2.1. Deportes adaptados en espazos pechados. 2.2. Deportes adaptados en espazos abertos.
3. Deporte Terapéutico Adaptado	3.1. Deportes terapéuticos segundo as distintas franxas etarias.
4. Deporte Competitivo Adaptado .	4.1. Deporte competitivo local. 4.2. Deporte competitivo de alto rendemento.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	3	0	3
Seminarios	5	0	5
Traballos de aula	7	7	14
Titoría en grupo	10	0	10
Traballos e proxectos	0	43	43

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesorado do contido principal dos temas.
Seminarios	Exposición en pequeno grupo (ata 5), dun tema relacionado co deporte como medio integrador
Traballos de aula	Realizar ou responder de forma individual a un problema plantexado na aula.
Titoría en grupo	Reunións de traballo en pequenos grupos

### Atención personalizada

## Metodoloxías Descrición

Titoría en grupo Atención individualizada e/ou en pequenos grupos, para discutir temas, problemas e exercicios expostos en clase, nos horarios que se establezan para este fin.

## Avaliación

	Descrición	Cualificación
Seminarios	Valoración da participación activa do estudante na discusión de documentos científicos, casos ou outras actividades propostas no aula. Respostas a pequenos tests plantexados na aula.	40
Traballos de aula	Traballos de aula Avaliación dos exercicios ou proxectos realizados no aula e/ou das actividades autónomas do estudante. Realización de traballos en grupos de 2 o 3 alumnos.	20
Traballos e proxectos	Elaboración e presentación oral e escrita de informes, por parte dos estudantes, relacionados cos contidos e/ou procedementos do módulo correspondente.	40

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia será necesario que os estudantes obteñan en cada proba ou actividade obxecto de avaliación como mínimo o 50% da cualificación nese apartado

Aqueles estudantes que non superen algunha das probas ou actividades poderán presentarse á avaliación do segundo cuatrimestre, que se celebrará no período oficial establecido, acorde ao programa da materia.

Haberá unha segunda convocatoria no mes de xullo na que se avaliarán as competencias non adquiridas polo estudante durante o curso académico.

## Bibliografía. Fontes de información

Barbieri, Aldo, **Deporte y recreación accesibles : plena accesibilidad para personas con capacidades diferentes**, 1,

Blasco, Josefa., **Metodologías de investigación en las ciencias de la actividad física y el deporte : ampliando horizontes** ., 1,

Consejo Superior de Deportes, **Violencia, deporte y reinserción social**, 1,

Cumellas Riera, Montserrat, **Discapacidades motoras y sensoriales en Primaria : la inclusión del alumnado en Educación Física : 181 juegos adaptados. Unidad Didáctica : deporte adaptado**, 1,

Escudero Escorza, T, **La construcción de la investigación evaluativa : El aporte desde la educación**, 1,

Jiménez Martín, Pedro, **Manual de estrategias de intervención en actividad física, deporte y valores**, 1,

La Caixa: Obra Social, **Deporte, salud y calidad de vida**, 1,

Mishchenko, Victor, **Fisiología del deportista : (bases científicas de la preparación, fatiga y recuperación de los sistemas funcionales del organismo de los deportistas de alto nivel)**, 1,

Santos, J.A. y Balibrea, E., **Mujer, deporte y exclusión : experiencias europeas de inserción por el deporte**, 1,

Wells, Christine L, **Mujeres, deporte y rendimiento : (perspectiva fisiológica)**, 1,

## Recomendacións

### Outros comentarios

RECOMÉNDASE:

- A asistencia á primeira sesión de clase para poder coñecer os obxectivos da materia, a planificación xeral e as opcións de avaliación da mesma.

- A asistencia continuada ás sesións de clases e ás titorías para poder seguir o desenvolvemento da materia por parte dos estudantes

- O uso continuado da plataforma virtual na que se recollen actividades, orientacións e criterios de avaliación para o correcto desenvolvemento da materia.